

Ola chic@s!!!

Debido á situación que se nos presenta para estes próximos días, as titoras de 4º de E.P. queremos organizar o traballo que podedes facer comodamente desde casa.

- Debedes establecer un horario fixo de traballo diario, para non perder o hábito e intentar que este tempo sen clase non sexa un tempo perdido.
- En “Lengua Castellana” e Lingua, avanzade nos temas que estamos. Copiade na libreta os cadros que nos explican os distintos contidos de cada tema e realizade as actividades.
- Para mellorar a comprensión e a expresión, cada día ide facendo na vosa libreta (no caderno non se pode escribir), unha ficha ou tarefa dos cadernos de Lingua e de “Lengua Castellana”. O obxectivo é que prestedes atención e vaiades mellorando a ortografía e o vocabulario.
- En matemáticas podedes revisar todo o traballado ata agora, sobre todo a división e os temas dos números decimais. Aportámosvos fotocopias da división para que fagades unha cada día.
- Ide lendo os temas de Naturais e Sociais, facendo actividades na libreta e estudando as fotocopias-resume que vos damos.
- É importante tamén que revisedes a unidade de inglés.
- Moi importante: lede a diario. Desfrutade e desconectade moito coa lectura.
- Tamén podedes facer algún traballo plástico: debuxos, collages, recortado, pintar...

O máis importante é que teñades unha rutina de traballo diario. Se seguides estas recomendacións, estaredes preparados e preparadas para poder afrontar con comodidade o que queda de curso.

Esperando poder volver ao traballo que habitualmente facemos nas aulas de primaria, e que non se atopa nos libros (traballo en equipo, debates, maquetas, resolución de conflitos, valores...) e desexando vervos o máis pronto posible, coidádevos moito e seguides as recomendacións que se nos vaian anunciando. Estade atentos e atentas á web do centro para calquera tipo de novidade que xurda.

Unha aperta:

Elisa e Maite.

Páxina Web que podedes utilizar para traballar e repasar:

www.mundoprimeria.com : Nesta páxina atoparedes, organizadas por cursos xogos e actividades para repasar matemáticas e linguas.